

Delegación de Alumnos da Facultade de Dereito de Ourense

~ Acta da Asemblea Xeral Ordinaria do 21 de Novembro de 2014 ~

Os presentes, **Iván Fariñas Álvarez, Antía González Regal, María Rebeca Rodríguez Mateus, Pablo Antonio Sequeiros Sánchez, Alba Rodríguez Álvarez, Iván Fernández Araújo, Paula Conde Lama e Violeta García Santalices.**

Debidamente convocados e reunidos na sede da Delegación de Alumnos da Facultade de Dereito de Ourense, a 21 de novembro de 2014 e ás 10.30 horas en segunda convocatoria, deu comezo a Asemblea Xeral Ordinaria coa seguinte

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Aprobación das propostas de gasto da partida económica restante do presente exercicio.

Segundo.- Aprobación da memoria de actividades do curso académico 2014-2015.

Terceiro.- Rogos e preguntas.

DESENGROLO DA SESIÓN E ACORDOS ADOPTADOS

Primeiro.- Aprobación das propostas de gasto da partida económica restante do presente exercicio.

Do presuposto destinado a Delegación de Alumnos no exercicio económico 2014, restan un total de **1966€**.

Queda aprobado polos presentes o seu gasto nos seguintes conceptos:

- 250 carpetas clasificadoras en cartón compacto, forradas ambas caras con papel plastificado, equipadas con sete cartolinas troqueladas con pestanas e suxeitas á tapa de cartón por medio de dúas remachas e varilla metálica de reforzo. Dotaranse ademais de goma elástica de peche.

PREZO: 1494'24€

- Graduación fin de grado: **462.02€**

- 22 pines.

PREZO: 292'82€

- 30 bandas.

PREZO: 169'20€

GASTO TOTAL: 1956'26€

Queda, por tanto, agotado o presuposto. Ante outras necesidades da delegación, estimase oportuno aprobar a cargo do novo presuposto a ingresar en xaneiro de 2015:

- Gastos derivados da *Gala San Raimundo de Peñafort*, en concepto de “pinchos” e “photocall”. Neste último incluírase o material de oficina necesario como o soporte en si mesmo.
Os presentes deciden, de requirilo, solicitar axuda económica ao decanato por tratarse dunha actividade en beneficio da facultade en xeral.
- Gasto para a colocación de vinilos nas paredes das aulas principais da facultade (1.4, 2.3, 2.4 e 2.5) con frases xurídicas de personaxes célebres.
- Gastos destinados a organización do *Curso de Inglés Xurídico*.
- Gastos de cartelería.

Segundo.- Aprobación da memoria de actividades do curso académico 2014-2015.

- Xornada de saídas profesionais.

Apróbase a realización dunha xornada de saídas profesionais en colaboración co decanato, para o 12 de marzo de 2015.

Éste desenrolarase en tres partes. Na primeira, farase unha exposición teórica sobre a xeneralidade de saídas profesionais coa entrega dun dossier informativo. Na segunda, abrirase una mesa redonda con diversos profesionais de postos vinculados co Dereito menos coñecidos polo alumnado, encargados de expor o seu día a día. E por último, darase palabra ao alumnado para realizar as preguntas que estimen do seu interese.

- Gala San Raimundo de Peñafort.

Con motivo da celebración do noso patrón, os membros presentes aproban a organización dunha gala de entrega de premios a profesores e alumnos da facultade, fechada para o 5 de febreiro de 2015.

Créase, para maior efectividade, unha comisión adicada en exclusiva a dito fin, permitíndose colaboracións por parte do alumnado non membro da Delegación de Alumnos. Ésta queda conformada por:

- Paula Conde Lama.
- Violeta García Santalices.
- Iván Fernández Araújo.
- Antía González Regal.
- Iván Fariñas Álvarez.
- Alba Rodríguez Álvarez.

- Mercadillo solidario destinado a unha causa benéfica vinculada co Dereito.

Ante a pouca aceptación da proposta, acórdase a elaboración de sudadeiras promocionais da nosa facultade para destinarse á mesma fin.

- Colaboración coa proposta de membros de Xunta de Facultade na organización de “xuízos simulados”.

A Delegación de Alumnos non colaborará na mesma por considerar falta de viabilidade do proxecto.

- Viaxe a Bruxelas para visitar as institucións europeas. Estudo das prioridades de inscrición.

Á espera de confirmación por parte de decanato, de estar invitados á visita das institucións europeas, estímanse como criterios de inscrición os seguintes:

- Estar matriculado no TGF.
- De quedar prazas libres, adquiriranse por orde de inscrición entre os matriculados nalgunha das asignaturas de terceiro e cuarto de grado, sempre e cando foran **cursadas** (independentemente de ser ou non aprobadas en primeira convocatoria) as asignaturas de Dereito Constitucional I e II, Dereito Internacional Público e Dereito Procesual Civil.

Para aqueles, que aínda reunido este último requisito non entren no cupo de alumnos invitados, abrirase a posibilidade dunha viaxe a Madrid para visitar as institucións políticas e xudiciais.

- Curso de Inglés Xurídico.

Apróbase por asentimento coas mesmas regras de inscrición que os dous anos anteriores, concretándose a fecha de realización do curso unha vez rematados os exames de maio.

Abrirase, por tanto, para un total de 20 alumnos, admitidos por orde de inscrición, tendo preferencia aqueles matriculados no TFG e os que no disfrutaran do curso en edicións anteriores.

Terceiro.- Rogos e preguntas.

A petición da secretaria e ante a necesidade dun lugar para almacenar as carpetas antes de ser repartidas e o material a empregar na Gala San Raimundo de Peñafort, solicítase a facultade un lugar adecuado e seguro.

E sen máis puntos que tratar, péchase a sesión as 12.00 horas.

En Ourense, a 21 de novembro de 2014

V. e pr. A presidenta da DAFDO



Violeta García Santalices

Asdo. A Secretaria da DAFDO



Alba Rodríguez Álvarez